

# O xacigo de Nuno Freire de Andrade

Por FRANCISCO VALES VILLAMARIN

Non hai moitos anos e mercé a unha afortunada determinación da Dirección Xeral de Belas Artes, moi de agradecer, foron trasladados para o presbiterio da e'rexa conventual de Monfero os sarcófagos de Nuno Freire de Andrade e Aras Pardo, sogro de Andrade «o Boo», que durante varios séculos tiveron o seu emprazamento nun dos extremos da nave, a poucos pasos da entrada principal. En tal ocasión, o indicado organismo cambiou tamén de lugar as laudes de Fernán Pérez «o Mozo» e Diego de Andrade, que se atopaban igualmente preto da porta, situándoas, con grande acerto, no brazo meridional do cruceiro, nas proximidades do aceso á sala capitular.

Como a nova ubicación da tumba do terceiro señor de Pontedeume permite unha mellor contemplación da mesma, é obrigado ampliar agora a información que acerca dela demos nun traballo que, baixo do título *Temas brigantinos. Un temible enemigo de Betanzos*, viú a luz no número 352 do «Boletín de la Real Academia Gallega».

Polo tanto, reproducimos ao dorso os pormenores do sartego que por diferentes causas—semienterramiento da caixa sepulcral, escasísima distancia entre ésta e o muro imediatamente e deficiente visibilidade—non puideron describirse completamente na aludida monografía, insertándose a continuación destas liñas os textos correspondentes a cada unha das ilustracións.

*Figura 1.*—Estatua tumular ostentando, en distintos puntos da armadura, curiosos motivos ornamentais, algúns deles a maneira de flores de lis.

*Figs. 2 e 3.*—Trechos do epitafio, co fin de que se vexa o tipo de letra empregada no mesmo.

*Fig. 4.*—Dous dos catorce escudos avemarianos que exornan a urna, sete dos cales con barra engolada—debería ser banda—e sen peza algúnhu no campo os restantes. Na cara correspondente á cabeceira, en lugar dos citados emblemas heráldicos, esculpíronse tres figuras: a imaxen do Crucificado e, flanqueánda, as da Virxen e a dun personaxe de difícil identificación. Por encontrarse o xacigo, inexplicábelmente, cuase pegado á parede do fondo do presbiterio, non é moi doado o detido estudo dos mentados relevos.

*Fig. 5.*—Dúas das coluniñas, de fina labra, que acompañan aos brasóns de referencia. A decoración de fustes e capitéis é variadísima, especialmente a destes últimos, que presentan moi belidos temas de carácter vexetal e iconográfico.

*Fig. 6.*—Lebrel, descabezado, no que se apoian os pés da eficie e que algún autor confundiu cun xabaril. Loce o animal enfeitado colar, mostrando entre as pernas un longo rabo, detalle non frecuente nas representacións deste tipo.

(Debs. de Xosé Antón García.)

SCHELO DAI REY QESGEGHON: ENO:HNO:

DU MIL: CUC: XXX: HOS

Fig. 3



Fig. 1

Fig. 2




Fig. 5




Fig. 4





Fig. 6




EREXA CONVENTUAL DE SANTA MARIA DE MONFFERO.—Sepulcro de Nuno Freire de Andrade no seu novo asentamento.  
(Foto Xosé Antón García.)



PLANTA DO MOSTEIRO DE MONFERO. (Debuxo de Pons Sorolla.)  
1, 2, 3 e 4.—Nova ubicación dos sartegos e laudes a que se aliude no precedente artigo.

Efixie xacente dun alcalde betanceiro do século XV



## EFIXIE XACENTE DUN ALCALDE BETANCEIRO DO SECULO XV

Na eirexa conventual de San Francisco e na capela situada no extremo do brazo Norte do cruceiro, atópase, baixo sobrio arco oxival, o sarcófago de Xoán Nunes Pardo, alcalde que foi desta cidade na segunda mitade da décimoquinta centuria. Este significado cabaleiro é, sen dúbida algunha, o pai do mariscal Pardo de Cela (1), oriundos ambos, ao noso entender, do lugar de Cela, ubicado na freguesía de Santa María de Mántaras, no municipio de Irixoa, partido xudicial de Betanzos.

Na tampa do xacigo pode verse, belidamente esculpida, a estatua xacente do citado personaxe, cuio brasón —armas dos Cela— figura á cabeceira da lousa sepulcral. Na beira da aludida cuberta destaca, en caracteres monacais executados en baixo relevo, a seguinte inscripción: AQUI: A: DE: IAZER: IUAN: NUNES: PARDO: FILLO: DE: PERO: PARDO. A expresión «A DE IAZER» revela claramente que a tumba labróuse en vida daquel liñaxudo señor, como tempo atrás tiña feito co seu suntuoso cenotafio o esclarecido brigantino Andrade «o Boo». Observamos que os vocábulos segundo e terceiro da lenda aparecen rozados, cuase na súa totalidade, o que fai supoñer se pretendese a súa eliminación ao acaecer o pasamento de Nunes Pardo, esquencéndose en tal ensexo de realizar outro tanto coa terminación «ER» de «IAZER» para que o epitafio devandito quedase gramaticalmente correcto.


A cabeza da efixie, tocada con puntiagudo casco, descansa sobre dúas almofadas lixeiramente ornamentadas nos ángulos, apoiándose os pés da figura nun deitado canciño de caza, acolarado, símbolo, segundo se sabe, da fidelidade.

F. VALES VILLAMARIN

(*Deb. de Xosé Antón García.*)

(1) Véxase FRANCISCO VALES VILLAMARÍN: *Temas betanceiros. A sepultura de Xoán Nunes Pardo, pai do mariscal Pardo de Cela*, A Cruña, Edit. Moret, 1974.

**Retrato funerario dunha dama brigantina tamén do século XV**



## RETRATO FUNERARIO DUNHA DAMA BRIGANTINA TAMEN DO SECULO XV

Entre os diversos panteóns que, por fortuna, ainda se conservan no templo franciscano, existen dous en que somente foron inumadas mulleres. Un, situado na capela da Virxen de Fátima, antes de San Xoán ou dos Parragués, por habela erixido Fernán Pérez Parragués —aquí sepultado—, xenro do famoso Gómez Pérez das Mariñas, corresponde, ao noso xuicio, a dona Violante Núñez Pardo de Aguiar e Montenegro, esposa de Pedro Fernández de Páregaa (1), e o outro, emprazado na nave principal —lado do Evanxello—, pertence a unha alcurniada dama emparentada, ao que parece, coa casa de Pardo de Cela, a xulgar polas armas que loce unha das almofadas do sarcófago —aguia, por Pardo, e escudo enxadrezado de veros, por Cela—. A efixie xacente desta señora —que se reproduce na precedente páxina e cuio nome, por agora, descoñecemos— semella ser obra de tipo popular e sen moitas pretensiós artísticas. Na parte anterior da arca tumular —que descansa sobre dous leóns—, heráldica dos Noguerol?, sostida por anxos, e no fondo do góticu arcosolio a dos Becerra, brasóns ambos que nada teñen que ver coa mencionada dona, como cumplidamente demostraremos noutra ocasión (1).

— F. VALES VILLAMARÍN

(Deb. de Xosé Antón García.)

---

(1) Véxase F. VALES VILLAMARÍN: *Los enterramientos de la iglesia de San Francisco de Betanzos*, La Coruña, Imp. Moret, 1971.



Porta da Ponte Vella

(Deb. de Geno Diaz)



# Betanzos

Pra o amigo e mestre D. Francisco Vales

Betanzos no mencer, sobor do cume  
ergueito cara o ceo neboento;  
vella cidá baixo do sol e o vento  
acariñada en rebuldante lume.

Na tardichiña espallas teu arume  
cunha cantiga de sorrinte acento  
i espílese no vento o teu portento  
no tremelar mainiño do teu fume.

Garda a Lúa o tesouro do teu río  
-espellantes sorrisos pracenteiros-  
nas augas aluadas do Mandeo.

Y as augas brilan con risoño fío  
na noite da cidá dos Cabaleiros  
preto de non ser terra, senón Ceo

(Deb. de Xeno Diaz.)

LUIS IGLESIAS DE SOUZA